



Recomendación dirixida á Consellería de Política Social sobre o proceso de garda con fins de adopción dun menor que estaba institucionalizado

Expediente: O.3.Q/24110/17

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2017

Sr. conselleiro:

Como sabe, ante esta institución compareceron solicitando a nosa intervención D<sup>a</sup> [REDACTED] e D. [REDACTED]

#### ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indicábanos que non estaban de acordo coa forma na que se xestionou o proceso de garda con fins de adopción dun menor que estaba institucionalizado no centro de protección Príncipe Felipe de Pontevedra. O nº de expediente é [REDACTED]

Ante iso requirimos informe a esa Consellería, que xa nola remitiu. Con posterioridade, os promotores deste expediente comunicaron que o día 21 de novembro, tras pedir uns días antes unha cita por teléfono, enviaron un correo electrónico ao equipo de adopción da Xefatura Territorial da Consellería de Política Social en Vigo solicitando data para a entrevista. O día 9 de decembro aínda non recibiran ningunha resposta.

Débese salientar que en dúas ocasións informaron verbalmente a unha das persoas responsables do equipo ([REDACTED]) que xa tiñan a valoración psicolóxica que debía achegarse para elaborar un novo informe de idoneidade, pero as dúas veces esa responsable lles indicou que non era preciso que o levaran antes da entrevista e que podía aportarlo cando fosen citados.

## ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada polas persoas que promoveron este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

O informe da consellería pon de manifesto dous cuestións claras:

1ª) A información previa coa que se contaba sobre o menor non era completa nin axustada á realidade. Primeiro se informa que “O menor, tutelado pola Xefatura Territorial con data 02.01.2014, atopábase en situación de garda residencial no centro de protección Príncipe Felipe de Pontevedra. Tanto no informe emitido polo centro o 02.12.2015, como nas sucesivas reunións mantidas cos responsables do mesmo, se manifestou que a adaptación do menor ao centro era boa e que non presentaba problemáticas salientables que impedirán a integración nunha familia con fins adoptivos”. (...)

Trala integración do menor, nos contactos mantidos coa familia para o seu seguimento, detectáronse xa durante a primeira semana múltiples condutas disruptivas e carencias na asunción das pautas educativas que transmitira a dirección do centro como plenamente instauradas.

O menor inicia a asistencia ao seu novo centro escolar e desde o primeiro momento o seu comportamento foi problemático, agredindo aos seus compañeiros e provocando alteracións do ritmo da aula, interferindo constantemente no seu normal desenvolvemento.

O novo centro escolar solicitou informe sobre a anterior situación do menor, que foi remitido polo departamento de orientación do CEIP Príncipe Felipe de Pontevedra, con data de 1 de marzo de 2016. O informe reflectía que o menor presentaba esta problemática xa durante o inicio do presente curso escolar e que nos meses que permanecera no centro se lograsen avances pouco significativos na súa conduta, salientando que moitas das dificultades radicaban nas súas condicións de vida: o menor estaba institucionalizado desde os 18 meses, con numerosas persoas traballando con el en diferentes espazos, falta de coherencia na aplicación das normas e ausencia de referentes estables. Todo isto facía que o nivel cognitivo do menor fora inferior a súa idade real, o que motivaba a presenza de certos patróns lingüísticos (linguaxe repetitiva e pouco vocabulario) ou de comportamento (querer estar sempre no colo dos adultos, ter moi pouca capacidade de atención e concentración na tarefa, parecer canso ao longo da mañá, propias de condutas de nenos máis pequenos).

A sintomatoloxía que presentaba o menor interfería negativamente nesta etapa evolutiva especialmente sensible, poñendo en grave risco o éxito da integración. En consecuencia, o

equipo técnico considerou necesaria a asistencia de ■■■, a unha terapia especializada de corte cognitivo-condutual, que puidera dar respostas a curto prazo ás graves dificultades que debería afrontar a familia.

Con data de 5 de xullo de 2016 a terapeuta informou da presenza no menor de déficits na adquisición de habilidades motrices e de percepción rápida, dificultades na coordinación psicomotora, linguaxe articulatorio e de estruturas motoras, dificultades académicas, problemas na comunicación non verbal, déficits na cognición social e déficits en atención e concentración.

Xa que logo, o menor presentaba síntomas evidentes dunha patoloxía que son os pais os que tentan esclarecer levando ao neno á consulta dun especialista en neuropediatría que establece un diagnóstico de cadro clínico encadrable nun Síndrome Alcohol Fetal.

Sobre este punto, resulta certamente sorprendente que o informe previo do centro Príncipe Felipe de decembro de 2015, e as reunións posteriores, falen dun neno ben adaptado ao menor, que non presentaba problemáticas salientables e que era susceptible de integración nunha familia con fins adoptivos. Porén, solicitado informe ao centro escolar de procedencia, o departamento de orientación do CEIP Príncipe Felipe, se manifestaba que esas condutas problemáticas se producían xa durante o inicio do curso escolar 2015-2016 e que nos meses que permanecera no centro se lograran avances pouco significativos na súa conduta, salientando que moitas das dificultades radicaban nas súas condicións de vida: o menor estaba institucionalizado desde os 18 meses, con numerosas persoas traballando con el en diferentes espazos, falta de coherencia na aplicación das normas e ausencia de referentes estables.

O informe non da ningunha xustificación sobre esta evidente falta de coordinación da información relativa a un menor tutelado mentres estaba baixo a supervisión dunha institución pública. Non se entende como é posible que o departamento de orientación do centro escolar e a dirección do centro de protección non compartiran información sobre o menor, dado o seu perfil e a natureza dos seus problemas e que se informe positivamente para unha garda con fins adoptivos cando pouco tempo despois o propio equipo técnico constata a necesidade de asistencia de E. “a unha terapia especializada de corte cognitivo-condutual, que puidera dar respostas a curto prazo ás graves dificultades que debería afrontar a familia”.

2ª) A actitude, disposición e adicación da familia foron sempre adecuados. De feito, a terapeuta que trata ao menor informa que “respecto da área familiar valorábase unha boa adaptación e integración das figuras parentais e o sentimento de pertenza á familia nuclear e extensa”.

Sen embargo, no informe non se aprecia ningunha valoración crítica da actividade das administracións implicadas na xestión da información sobre o menor senón que nalgún parágrafo parece suxerirse que o proxecto de adopción fracasou por polas dificultades da familia para asumir a maternidade e paternidade dun neno con esta doenza e tódalas súas implicacións, razón pola que se decide interromper o proceso de garda con fins adoptivos. Semella que esta é unha percepción inadecuada do problema xa que a causa desta situación atópase, claramente, nunha incorrecta información sobre o perfil do menor e a súa compatibilidade cun proxecto de adopción nesta “etapa evolutiva especialmente sensible”, en expresión do propio informe.

Por este motivo, é dificilmente comprensible a falta de apoio, de receptividade á súa manifestada disposición de ofrecer un fogar a outro menor e de resposta concreta ás súas demandas de reactivación do expediente que parece desprenderse da actuación do equipo. A situación é aínda máis incomprendible cando en dúas ocasións ofrecéronse a achegar a valoración psicolóxica e se lle informou que non era preciso que a aportasen ata que fosen citados e agora se lles indica que non se lles cita porque non aportaron ese informe.

Entendemos que a consellería debería ser máis receptiva cunha familia que non rexeitou en ningún momento volver a ser a pasar o proceso de valoración da súa idoneidade e que non parece ter recibido as oportunas explicacións sobre o sucedido o ano pasado.

## CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa consellería a seguinte recomendación:

Que no prazo máis breve posible, se adopten as medidas precisas para, unha vez transcorrido o prazo de suspensión do expediente e solicitada a reactivación por parte da familia, o equipo valore a nova situación familiar sen prolongar de forma non xustificada un proceso que ten, como é ben sabido, implicacións psicolóxicas moi intensas.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

Milagros María Otero Parga  
Valedora do Pobo